

# TEORÍA DA PERCEPCIÓN VISUAL E CONFIGURACIÓN FORMAL

## TEORÍA DA PERCEPCIÓN VISUAL E CONFIGURACIÓN FORMAL

DESENHO. 2º BACHARELATO  
Unidade 2: Teoría da percepción visual e configuración formal

### ÍNDICE

<b>1</b>	TEORÍA DA PERCEPCIÓN VISUAL. PROCESO DA PERCEPCIÓN VISUAL. LEIS DA GESTALT	<b>5</b>	A COR: MODELOS, GAMAS, INTERACCIÓN E HARMONÍA
<b>2</b>	SINTAXIS VISUAL I: ELEMENTOS BÁSICOS DA LINGUAJE VISUAL: PUNTO, LIÑA, PLANO, COR, FORMA E TEXTURA	<b>6</b>	RELACIÓN ENTRE FORMA E FUNCIÓN. ANÁLISE DA DIMENSIÓN PRAGMÁTICA, SIMBÓLICA E ESTÉTICA DO DISEÑO.
<b>3</b>	SINTAXIS VISUAL II: SISTEMAS DE ORDENACIÓN: ESTRUTURA E COMPOSICIÓN	<b>7</b>	ANÁLISE DA DIMENSIÓN PRAGMÁTICA, SIMBÓLICA E ESTÉTICA DO DISEÑO.
<b>4</b>	RECURSOS NA ORGANIZACIÓN DA FORMA E O ESPAZO, E A SUA APLICACIÓN AO DISEÑO: REPETICIÓN, ORDENACIÓN E COMPOSICIÓN MODULAR	<b>8</b>	ACTIVIDADES
		<b>9</b>	BIBLIOGRAFÍA/WEBGRAFÍA

## 1. Percepción visual

### Información

A teoría da **Gestalt** xorde en Alemaña ó redor dos anos 20 enfrontada ás teorías condutistas da psicoloxía. A Gestalt, "figura" ou "forma", estuda as formas de percibir a realidade, tendo moita influencia no deseño ao pode esta dar estratexias para facilitar a percepción de contidos e emocións. Entre os autores que contribuíron ao seu desenvolvemento destacan **Max Wertheimer, Wolfgang Kohler, Kurt Koffka, Kurt Lewin ou Rudolf Arnheim**.


A teoría da Gestalt destaca varios principios ou leis polos que se rexe a percepción visual. Mencionamos os más relevantes para o deseño:

Lei ou principio de fondo-forma.

Lei ou principio de simetría.  
Lei ou principio de semellanza.  
Lei ou principio de proximidade.  
Lei ou principio de dirección común.  
Lei ou principio de peche.  
Lei ou principio de continuidade.  
Lei de plenitude.

## Fondo- Figura


O cerebro é incapaz de percibir o fondo e a figura ao mesmo tempo. Así o fondo pode percibirse como figura ou a figura como fondo, pero non simultaneamente. A figura é no que se centran os ollos, sendo o fondo o que queda detrás da figura. Adoitamos interpretar os elementos más pequenos e os convexos como figura e os maiores e os cóncavos como fondo. Un dos exemplos máis coñecidos da lei de fondo-figura é o vaso de Rubín na que se pode ver un vaso/copa ou dúas caras).



Alan De Smet at . [Lei fondo-figura \(CC0\)](#)

## Proximidade


Os elementos que están próximos entre si percibímos como se formasen parte do mesmo grupo. Na imaxe agrupamos os círculos en dous grupos pola proximidade que teñen entre si.



Gestalt. *Lei de proximidade* (CC0)

## Semellanza


Tendemos a agrupar os elementos que se parecen entre si. A semellanza pode deberse o uso da cor, da textura, do tamaño, etc. Así, se queremos destacar un elemento podemos romper co connxunto e introducir unha anomalía.



Gestalt. *Lei de semellanza* (CC0)

## Simetría

Os elementos con disposición simétrica e orde percíbense como do mesmo grupo. Os deseños desorganizados e asimétricos poden crear confusión e dificultar a interpretación da mensaxe.



Smok. *Lei de simetría* (CC0)

## Dirección

As figuras ou elementos que están na mesma dirección percíbense como un grupo.



James Wainscoat. *Lei de dirección común* (Licenza Unsplash)

## Pecho


Tendemos a completar a información e pechar as formas abertas. Un exemplo moi famoso no que se emprega esta lei é o logo da WWF (World Wide Fund for Nature) onde o espectador "completa" a figura dun oso panda.



Ciker-Free-Vector-Images. *Positivo-negativo*. Licenza Pixabay

## Continuidade

Os elementos ou patróns que seguen unha dirección tenden a agruparse. Na figura da imaxe tendemos a continuar a liña aínda que esta se vega interrompida.



Brennanyoung. *Lei de continuidade* (CC0)

## Plenitude

As formas simétricas e regulares son más fáceis de percibir que as complexas ou más irregulares.



Cecilia Aros. *Simetría* (CC BY-NC)

Na páxina web de SiloCreativo podes ver como se aplican [as leis da Gestalt](#) no deseño gráfico e, en concreto, no deseño de logos.

# Actividade

Ponte a proba

Identifica correctamente a lei da Gestalt





Lei de Espazos (1):

Comprobar

Habilitar JavaScript

É a lei de peche.

## Pregunta



## Respostas

Opción 1 

Lei fondo figura

Opción 2 

Lei de continuidade

Opción 3 

Lei de proximidade

Opción 4 

## Retroalimentación

Non. É a de proximidade.

Non. É a de proximidade.


Correcto

Incorrecto

## Solución

1. Incorrecto (Retroalimentación)
2. Incorrecto (Retroalimentación)
3. Correcto (Retroalimentación)
4. Incorrecto (Retroalimentación)

## Pregunta



## Respostas

Opción 1

Lei de simetría

Opción 2

Lei de dirección común

## Retroalimentación

Correcto.

Incorrecto.

## Solución

1. Correcto (Retroalimentación)
2. Incorrecto (Retroalimentación)

## Busca

Busca anuncios publicitarios e logotipos onde se poidan ver algunas das leis da Gestalt. Por exemplo, o logo de IBM emprega a lei de peche.

Na páxina web de SiloCreativo podes ver como se aplican [as leis da Gestalt no deseño gráfico e, en concreto, no deseño de logos](#).

## 2. Sintaxe visual I. Elementos básicos da linguaxe visual

### Información

Os elementos básicos para representar as formas son o punto, a liña, o plano, a textura e a cor. Estes elementos poden empregarse en dúas dimensíons, como nos deseños gráficos, ou tridimensionais como no 3D.

Todo deseño ten como base a linguaxe visual. Podemos distinguir varios tipos de elementos:

- a) Elementos conceptuais: punto, liña, plano e volume.
- b) Elementos visuais: forma, cor, textura ou tamaño.

- c) Elementos de relación: dirección, posición, espacio, gravedad...
- d) Elementos prácticos: nivel de iconicidade (real ou abstracta), significado, etc.

## Elementos conceptuais

Información

### O punto

É o elemento mínimo de expresión visual. Indica posición, pero non posúe noción de dimensión. Mediante a cor, o tamaño ou a posición no plano pódese resaltar a súa importancia.

Como dicimos anteriormente o punto é un indicador de posición que sinala un eixe no que se concentra a tensión e, como consecuencia, a atención.

Asociamos os punto co redondo, pero tamén adoitan formas triangulares, cadradas, manchas, etc.



Sailko. *Wassily Kandinsky* (CC BY)

### A liña

A liña consiste nunha sucesión de puntos que seguen unha mesma dirección. Serve para delimitar espazos e para definir os obxectos, posúe lonxitude pero non anchura.

Coas liñas pódese crear a idea de dirección, de movemento ou de equilibrio, polo que son elementos que crean tensión e resultan moi expresivos.

### Algúns tipos de liñas:

-**Liñas rectas**: indican unha dirección. Poden ser horizontais (tranquilidade, repouso, frialdade...), verticais (forza, ascensión, espiritualidade) e diagonais (inestabilidade, dinamismo e movemento).

-**Liñas curvas**: son liñas que non posúen rectas. Transmiten dinamismo e movemento.

-**Liñas mixtas**: combina liñas rectas e curvas.



Sailko. Mondrian (CC BY)

## Plano

O plano é o percorrido dunha liña en movemento. Posúe lonxitude, anchura, posición, dirección, cor e textura. Os planos poden ser **regulares** (xeométricos cos ángulos e os lados iguais), que transmiten equilibrio e orde ou **irregulares**, con diferenzas nos seus lados ou ángulos, que provocan máis sensación de movemento ou inestabilidade.

Os planos poden ser **bidimensionais** (esténdese en dúas dimensións) ou tridimensionais (en tres **dimensóns**)




Kandinsky no libro *Do espiritual na arte* identifica cada unha das cores primarias cunha forma básica.

Elena Samartino. *Formas básicas* (CC BY-NC-SA)

## Volume

O volume prodúcese co movemento dun plano cara unha dirección que non lle é intrínseca. Consiste no espazo que ocupa un corpo que se xera cando existen as tres dimensión de longo, ancho e profundidade, estando limitado por outros planos..



Elena Samartino. Volume (CC BY-NC-SA)

## Elementos visuais

### Información

#### Forma

A forma é a apariencia externa que ten un obxecto. Todo elemento visible posúe forma. Esta pode clasificarse en varios tipos:

**Figuras básicas ou xeométricas (cadrado, círculo, triángulo, rectángulo...):**

No deseño as figuras básicas aportan equilibrio, orde e serenidade.

**Figuras orgánicas ou naturais:**

Son figuras inspiradas na natureza. Adoitan ser irregulares e asimétricas. Aportan movemento e dinamismo. (Lembremos o seu uso na Art Nouveau).

**Formas abstractas:** son formas simplificadas ou esquematizadas. Non existen na realidade.

Nesta infografía de [Silocreativo](#) podes ver os tipos de formas básicas:

# FORMAS BÁSICAS



## GEOMÉTRICAS

formas esenciales que aprendemos cuando somos niños



## ORGÁNICAS

formas que representan cosas de la naturaleza



## ABSTRACTAS

representaciones de objetos, personas, acciones, o señales



Silocreativo. *Formas básicas* . (CC BY-NC-SA)

## Cor

A cor é un elemento visual moi importante no deseño xa que ten unha gran capacidade para provocar emocións e sentimientos. Nun apartado posterior verémola con máis atención.



Alex Alexi. Cor (CC0)

A búsquedas da cor adecuada nun proceso de deseño



María Martín Hernández. Busca de cor

(CC BY-NC-SA)

## Textura

A textura é unha cualidade da superficie das formas que se percibe polo tacto; tamén se lle chama textura á representación visual desa cualidade que se consigue mediante o emprego de liñas e diferentes procedementos de grafismo

A representación do sentido do tacto de forma visual ten moitos significados connotativos.

Podemos distinguir varios tipos de texturas:

**-Textura visual/ táctil:** a primeira ten un carácter visual mentres que na segunda intervén o sentido do tacto.

Estas poden ser irregulares axudando a crear texturas más parecidas ás orgánicas ou xeométricas baseadas nun patrón xeométrico.

**- Textura natural/artificial:** segundo sexa de orixe natural (unha pedra, unha pel...) ou creada.

As texturas son moi importantes tanto no deseño gráfico como no industrial. Neste último a superficie dos obxectos inflúe nas cualidades do mesmo e tamén nas sensacións que provoca.



Pixabay)

sarajuggernaut. *Textura natural* (Licenza




pixabay)

AnthonyArnaud . *Textura artificial* (Licenza

## Tamaño

O tamaño é a dimensión das formas. Inflúe no peso visual e no establecemento dunha xerarquía entre elas. Xogando co tamaño dos elementos dunha imaxe pode crearse a sensación de profundidade.

O tamaño é un concepto relativo xa que depende dos elementos cos que se relaciona. En xeral, podemos dicir que os obxectos grandes teñen máis peso visual e parecen máis próximos mentres que os pequeno aportan menos peso e vense más afastados.




Firkin.Openclipart. Tamaño (CC0)

# Elementos de relación

Información

## Dirección

É un elemento de relación que sinala a dirección dun obxecto con respecto a outros. Ademais a dirección está suxeita ao marco onde se sitúa, á relación coas formas próximas e ao punto de vista do espectador.



Elena Samartino. Dirección (CC BY-NC-SA)

## Posición

É un elemento de relación que indica a posición dun elemento en función dunha estrutura ou con respecto a outros. Os obxectos que se sitúan no centro aportan equilibrio; os que se concentran na parte inferior dan a sensación de pesadez e gravidade; sen embargo, os da parte superior crean lixeireza e ingrávidade.





Elena

Samartino. *Elementos de relación: posición* (CC BY-NC-SA)

## Espazo

As formas ocupan sempre un espazo. Grazas o emprego da perspectiva pódese crear sensación de profundidade, acercamento, afastamento; sensación de baleiro, plenitude, etc.




Elena Samartino. *Elementos de relación: espacio* (CC

BY-NC-SA)

## Gravidade

É un elemento de relación que pode aportar a sensación de estabilidade, inestabilidade, pesadez, lixeireza...



Samartino. *Elementos de relación: gravidade* (CC BY-NC-SA)

Elena

## Elementos prácticos

Información

### Significado

É un elemento práctico que é capaz de transmitir unha mensaxe.



OpenClipart-Vectors. Símbolo da paz. Licenza Pixabay

### Función

É un elemento práctico que é capaz de cumplir unha función para a que se creou.



gyanbasnet . Stop. Licenza Pixabay

## Iconicidade

Un elemento é icónico ou representativo cando ten un referente real.



johnny\_automatic. Cabaña- (CC0)

## 3. Sintaxe visual II

### Información

Do mesmo xeito que as palabras se combinan seguindo unhas regras para poder producir unha mensaxe, a imaxe tamén posúe unha **sintaxe**. Donis A. Dondis no seu libro xa clásico *La sintaxis de la imagen* publicado en 1973 analiza os principios básicos da sintaxe visual que veñen a ser as regras básicas da composición gráfica.

El proceso de composición es el paso más importante en la resolución del problema visual. Los resultados de las decisiones compositivas marcan el propósito y el significado de la declaración visual y tienen fuertes implicaciones sobre lo que recibe el espectador. En esta etapa vital del proceso creativo, es donde el comunicador visual ejerce el control más fuerte sobre su trabajo y donde tiene la mayor oportunidad para expresar el estado de ánimo total que se quiere transmite la obra. Pero el modo visual no prescribe sistemas estructurales absolutos. ¿Cómo podemos

controlar nuestros complejos medios visuales con cierta certidumbre de que al final habrá un significado compartido? En el lenguaje, la sintaxis significa la disposición ordenada de palabras en una forma y una ordenación apropiadas. Se definen unas reglas y lo único que hemos de hacer es aprenderlas y usarlas inteligentemente. Pero en el contexto de la alfabetidad visual, sintaxis sólo puede significar la disposición ordenada de partes y sigue en pie el problema de cómo abordar el proceso de composición con inteligencia y saber cómo afectarán las decisiones compositivas al resultado final. No existen reglas absolutas sino cierto grado de comprensión de lo que ocurrirá en términos de significado si disponemos las partes de determinadas maneras para obtener una organización y una orquestación de los medios visuales. Muchos criterios para la comprensión del significado de la forma visual, del potencial sintáctico de la estructura en la alfabetización visual, surgen de investigar el proceso de la percepción humana .

*Donis A. Dondis. La sintaxis de la imagen. Ed. Gustavo Gil*




María Martín Hernández. *Rede modular* (CC BY-NC-SA)

## Equilibrio/Tensión

O equilibrio é un factor importante xa que o ser humano artella a súa relación coa contorna en termos de horizontalidade e verticalidade.

A tendencia perceptiva a estabilizar o que vemos fai que creemos un eixe vertical imaxinario cun referente secundario horizontal. Este eixe visual tamén denominado eixe sentido é unha relación entre eixes que é a que crea as bases estruturais do equilibrio da composición.

O equilibrio provoca sensación de regularidade, sinxeleza, orde e relaxación e a súa ausencia connota estrés e complexidade. Esta falta de equilibrio ou inestabilidade denominase tensión. Como apunta Dondis este concepto non é negativo, o seu uso só vai depender do propósito que se queira acadar.



DavidZydd. *Mosaico* (Licenza pixabay

## Atracción / Agrupamento

Lembramos que, segundo a psicoloxía da Gestalt, tendemos a agrupar os elementos que presenta semellenza, xa sexa pola cor, forma, textura, tamaño, etc.




GDJ . *Gingerbread*. Licenza Pixabay

## Positivo / Negativo

O elemento positivo é o que capta más a atención, sendo o negativo más secundario. As formas con más luz se están sobre fondo escuro parecen más anchas; pola contra, as escuras se están sobre un fondo branco parece que se


contraen. Nunha imaxe en branco e negro adoitamos a ver a cor negra como positiva ou ocupada e a branca como negativa ou baleira.



Ciker-Free-Vector-Images. *Positivo-negativo*. Licenza Pixabay

## Nivelación / Aguzamento

Nivelación e aguzamiento (leveling e sharpening) son o oposto ao equilibrio e a estabilidade. Se pasamos dunha situación de harmonía, de falta de tensión (nivelación) a unha que focalice a atención e que xere atención prodúcese o aguzamento. Un exemplo fácil pode ser colocar un punto no centro dun rectángulo (nivelación) ou situalo excéntrico (aguzamento).



DavidZydd. *Aguzamento* (Licenza Pixabay)

# 4. A organización de formas

## Información

Despois de coñecer os elementos básicos da linguaxe visual e os principios elementais da sintaxe, debemos ver algúns métodos de organización. A repetición de elementos forma **módulos**. Estes ao combinarse entre si constitúen **estruturas** ou retículas que poden ser básicas ou complexas.

### MÓDULOS

Os módulos son formas iguais ou parecidas que se repiten nun deseño. A repetición de módulos é un dos procedementos más habituais.


Cuando un deseño ha sido compuesto por una cantidad de formas, las idénticas o similares entre si son “formas unitarias” o “módulos” que aparecen más de una vez n el deseño. La presencia de módulos tiende a unificar el deseño. Los módulos pueden ser descubiertos fácilmente en casi todos los deseños si los buscamos. Un deseño puede contener más de un conjunto de módulos. Los módulos deben ser simples. Los demasiado complicados tienden a destacarse como formas mas individuales, con lo que el efecto de unidad puede ser anulado. Si usamos la misma forma más de una vez en un deseño, la utilizamos en repetición. La repetición es el método más simple para el deseño. Las columnas y las ventanas en arquitectura, el estampado sobre la tela, las duelas del suelo, son ejemplos obvios de la repetición. La repetición de módulos suele aportar una inmediata sensación de armonía. Cada módulo que se repite es como el compás de un ritmo dado. Cuando los módulos son utilizados en gran tamaño y pequeñas cantidades, el deseño puede parecer simple y audaz, cuando son infinitamente pequeños y se utilizan en grandes cantidades, el deseño puede parecer un ejemplo de textura uniforme, compuesto de diminutos elementos

*Wucius Wong. Fundamentos del diseño. Ed. GG. Páx. 51.*

### TIPOS DE REPETICIÓN

#### REPETICIÓN POR XIRO OU ROTACIÓN


É o movemento ó redor dun punto mantendo as dimensíons e a forma do elemento orixinal.



María Martín Hernández. *Repetición-xiro* (CC BY-NC-SA)

## REPETICIÓN POR TRANSLACIÓN


É o movemento directo dun obxecto ou figura na que tódolos puntos se moven na mesma dirección e mesma distancia. O resultado é outra figura idéntica.



María Martín Hernández. *Repetición-translación* (CC BY-NC-SA)

## REPETICIÓN POR SIMETRÍA

A simetría está composta por figuras regulares que se poder obter por reflexión a partir de cada una de suas metades.



María Martín Hernández. Simetría (CC BY-NC-SA)

## GRADACIÓN

A gradación é a modificación do tamaño, posición, forma, proporción ou dirección que se realiza de forma sistemática e secuencial con varias secuencias de transición.

La gradación exige no solo un cambio gradual, sino que ese cambio gradual, sea hecho de manera ordenada. Genera ilusión óptica y crea una sensación de progresión,

lo que normalmente conduce a una culminación o una serie de culminaciones. La gradación es una experiencia visual diaria. Las cosas que están cerca de nosotros parecen grandes,


y las lejanas parecen pequeñas. Si miramos desde abajo a un edificio alto, con una fachada de ventanas iguales, el cambio en tamaño de las ventanas sugiere una ley de la gradación.

Wucius Wong. Fundamentos del diseño. Ed. GG. Pág.75



María Martín Hernández. *Gradación* (CC BY-NC-SA)

## ESTRUTURAS



RETIKULA BASICA


CAMBIO DE PROPORCION






DESLIZAMIENTO



CAMBIO DE DIRECCION



CURVATURA O QUEBRANTAMIENTO



(CC BY)

<https://adelossantos.wordpress.com/autor-2/. Retícula básica>

Os módulos relacionanse entre si para formar estruturas ou retículas.

A retícula básica é unha das estruturas más sinxelas, que consiste na repetición de liñas horizontais e verticais que se cruzan entre si.

Podemos obter derivacións a partir desta retícula básica por diferentes procedementos como os que indicamos a continuación:

**-Por cambio de proporción.** Por exemplo, substituíndo as subdivisións básicas por rectángulos.

**-Por deslizamiento:** deslizando as filas das subdivisións noutra dirección.

**-Por cambio de dirección:** inclinando as liñas horizontais ou verticais en calquera ángulo.

**-Curvatura ou quebrantamento:** curvando as liñas horizontais e/ou verticais.


**-Por reflexión:** reflectindo ou repetindo unha fila de subdivisións estruturais.

**-Por combinación:** combinando as subdivisións para integralas nunha forma máis grande ou complexa.

## ESTRUTURAS ACTIVAS / PASIVAS

As estruturas pasivas son aquelas que as súas liñas estruturais son conceptuais ou mentais, polo que non interfiren no deseño.

Nas estruturas activas as liñas estruturais ademais de ser conceptuais interfiren podendo dividir espazos ou relacionarse cos módulos. Así poden dar independencia aos módulos ou permitirrlles adoptar posicións excéntricas.



Maria Martín Hernández. *Estrutura activa* (CC BY-NC-SA)

## EXEMPLOS

No blog de Artes do IES Monte Castelo podes ver exemplos de deseños modulares creados polo alumnado a man alzada.

Diseño modular from [Manuel Villargordo](#). CC BY NC SA

## Relación entre formas

### Información

As formas poden interrelacionarse entre si de múltiples maneiras como vemos na imaxe :

**Distanciamento:** as formas están separadas.

**Toque:** as formas tócanse.

**Superposición:** unha das formas crúzase sobre a outra.


**Penetración:** as formas están superpostas pero parecen transparentes na intersección.

**Unión:** as formas están superpostas pero perden parte da súa contorna dando lugar a unha forma máis grande.

**Sustracción:** unha parte da forma visible queda tapada pola forma invisible, é dicir, unha forma negativa superpone a unha positiva.

**Intersección:** as formas están como na penetración, pero só é visible a zona da intersección.

**Coincidencia:** as dúas formas acaban sendo unha soa.




Elena Samartino.

*Relación entre formas* (CC BY-NC-SA)

## Actividades

Practica

Crea varias estruturas modulares a partir do módulo dado:



Podes雇用ar algún programa de edición. Aquí tes o enlace a dous Open Source:

[Programa Inkscape](#)

[Programa Gimp](#)

## Grupal

A natureza está chea de xeometría e estruturas modulares como podemos ver nesta presentación do profesor Manuel Villargordo. Buscade exemplos na vosa contorna e, compartindo un documento, creade unha presentación coas formas atopadas.

Naturaleza geometría diseño from Manuel Villargordo. CC BY NC SA

## Practica

O profesor [Gabriel de la Riva Pérez](#) propón un exercicio moi recomendable sobre o artista sevillano Manuel Barbadillo. [Proba a facelo ti tamén.](#)

## 5. A cor

### Información

#### **PROPIEDADES DA COR**

As propiedades ou características da cor son aquelas que a definen e a particularizan:

**Tono ou matiz:** é o que chamamos comunmente cor e que distingue unha de outra.

**Saturación ou cromaticidade:** é o grao de pureza ou intensidade da cor. Canto más pura, más saturación.


**Luminosidade ou brillo:** é o grao de claridade dunha cor; se esta ten máis mestura de branco será más luminosa e se ten máis cantidade de cor negra será más escura.

Neste [vídeo](#) e nesta [explicación](#) de [GCFAPrendeLibre](#) atopamos unha sinxela explicación das propiedades más salientables da cor.

## CORES CÁLIDAS E FRÍAS

**Cores cálidas:** son as cores laranjas, vermellas, amarelas. Dan sensación de calor, alegria, vitalidade. Son cores que producen o efecto de que se expanden, polo que parece que se aproximan ao espectador e que son más grandes.

**Cores frías:** son as cores azuis, amarelas, violetas. Producen sensación de frío, frescura, profundidade, tristeza, nostalxia. Son cores que parecen alonxarse e as superficies parecen más pequenas.



*Intef. Círculo cromático (CC BY-NC-SA)*

As cores poden resultas cálidas ou frías dependo da mestura que teña e das que estean ó seu redor. Por exemplo un verde amarelo será más cálido que un verde azulado.

Se se pasa de cores cálidas a frías dá a impresión de que as formas de encolles; polo contrario, se pasamos de cores frías a cálidas provócase a sensación de alongamento e apertura.

## Resumo

Nesta fantástica infografía de [SiloCreativo](#) podemos ver os aspectos más relevantes sobre a teoría da cor.

# EL COLOR Y EL CÍRCULO CROMÁTICO

Crea tu paleta de colores

## BÁSICOS DEL COLOR

Clasificaciones principales de los colores



Colores Primarios



Colores Secundarios



Colores Terciarios



¿Qué sentimientos transmite cada color?

## PSICOLOGÍA DEL COLOR



PASIÓN  
FUERZA  
PELIGRO



ESPERANZA  
NATURALEZA  
SERENIDAD



SEGURIDAD  
RESPONSABILIDAD  
ARMONÍA



ENCANTO  
CORTESÍA  
TERNURA



EXTRAVAGANCIA  
LUJO  
MISTERIO



CAMBIO  
CREATIVIDAD  
EXOTISMO



OPTIMISMO  
DIVERSIÓN  
CELOS

COMBINACIONES CON FI

# Síntese aditiva

## Información

### Cor luz

Ademais das propiedades da cor, é importante coñecer outros conceptos desta parte tan importante do deseño.



3.0)

Intef. Síntese aditiva (CC BY-NC-SA

A síntese aditiva é resultado da mestura das cores da luz. A suma produce a cor branca.

**Cores primarias:** Vermella, azul e verde.

**Cores secundarias:** azul cian, amarela e maxenta.

# Síntese subtractiva


## Información

### Cor Pigmento

A síntese subtractiva é produto da mestura de pigmentos ou pinturas. Cada pigmento resta unha parte de luz, polo que canto máis pigmentos se engadan máis escuro será.

**Cores primarias:** maxenta, amarela e azul cian.

**Cores secundarias:** azul, verde e vermello.



Intef. Síntese sustractiva (CC BY-NC-SA)

## Círculo cromático

### Información

O círculo cromático é unha ordenación **xerarquizada** das cores, que pode ser máis ou menos complexo. Para entender como é a orde cómpre primeiro aclarar estes termos:

---

**Cores primarias:** son as cores primarias da síntese sustractiva, é dicir, a maxenta, a cian e a cor amarela. No círculo cromático forman un triángulo equilátero imaxinario no que a base son a maxenta e a cian.

---

**Cores secundarias:** son a cor verde, a violeta e a laranxa, que son resultado dunha mestura na mesma proporción das cores primarias:

Amarela+cian = verde

Maxenta+azul= violeta

Maxenta+amarela= laranxa


As cores secundarias colócanse no círculo cromático entre as cores secundarias formando un triángulo equilátero.

---

**Cores intermedias ou terciarias:** son o resultado de mesturar en diferentes proporcións unha cor primaria cunha secundaria como acontece co azul verdoso ou co amarelo alaranxado. Estas cores están situadas entre as cores que son necesarias para a súa mestura.

---

**Cores complementarias:** son as cores opostas no círculo cromático e, como consecuencia, as que máis contrasta. A cor amarela e a violeta ou a verde e a vermella son casos de cores complementarias.



Intef. Círculo cromático (CC BY-NC-SA)

## De interese


Despois de ver este vídeo de [EducaThyssen](#) sobre a teoría da cor fai un esquema coa información máis relevante.



## A interacción da cor

### Información

A percepción das cores depende en gran medida da relación e interacción que se establece entre as cores que están próximas. Así, unha cor parece más escura ou más clara segundo sexa a cor más próxima coa que interactúa.



Elena Samartino (CC BY-NC-SA 4.0)

A relación entre as cores pode ser de **harmonía** ou de **contraste**. No primeiro caso as relacóns entre elas son de analogía, é dicir, hai unha relación entre as cores. Na relación de contraste non teñen aspectos comúns.

## Harmonía ou analogía de cores

Nunha composición harmónica podemos distinguir tres tipos de cores:


**Cores dominantes**: son as cores más empregadas e que teñen maior uso nunha composición. Normalmente son más neutros para que destaque os contrastes.

**Cores contraste**: son as cores, xeralmente complementarias que fan de contraste.

**Cores de mediación**: son cores que complementan e axudan a transición entre as outras cores.


Existen varios tipos de harmonías de cores. A continuación vemos algunas das más frecuentes:

**Harmonía monocromática**: consiste na elección dunha soa cor, modificando a saturación. É unha elección que non ofrece contraste.




Elena Samartino. *Harmonía monocromática* (CC BY-NC-SA 4.0)

**Harmonía análoga:** consiste na elección de cores que están cerca no círculo cromático. Produce máis contraste ca harmonía monocromática.



Elena Samartino. *Harmonía análoga* (CC BY-NC-SA 4.0)



**Harmonía complementaria:** é unha elección de cores que están en oposición no círculo cromático, nun ángulo de 180º. As cores asociadas a outras complementarias ofrecen moito contraste e chaman a atención.



Elena Samartino. *Harmonia complementaria* (CC BY-NC-SA)

### **Harmonía triádica:**

Obtense con tres cores que están nunha distancia equidistante do círculo cromático situadas nun vértice dun triángulo equilátero. Posúen o contraste das combinacións de complementarios pero con máis harmonía. O aconsellable é ter empregar unha cor dominante ou protagonista e que outras fagan de mediación e contraste.




Elena Samartino. *Harmonía triádica* (CC BY-NC-SA 4.0)

### **Harmonía tetrádica:**

Consiste na elección de catro cores equidistantes que forman un cadrado imaxinario no círculo cromático. Dá lugar a combinacións con moito contraste.

Como nas harmonías con varias cores convén usar unha cor como predominante, e as outra como contraste e mediación.




Elena Samartino. *Harmonía tetrádica* (CC BY-NC-SA)

## Actividade

### Practica

A partir das cores do círculo cromático crea diversas harmonías: Análogas, complementarias, triádicas e monocromáticas.



Intef. Círculo cromático (CC BY-NC-SA)

### Seguimos practicando coa cor cos seguintes exercicios:

1. Podes realizar o mesmo exercicio anterior axudándose dun xerador de paletas online como [Color Adobe](#), [Colour Lovers](#), ou doutros programas como Photoshop, etc.
2. Realiza unha colaxe experimentando sobre as posibilidades expresivas da cor.

## Psicoloxía da cor

### Información

A psicoloxía da cor estuda os efectos que pode producir a cor nos nosos sentimentos e no estado de ánimo. Depende de factores culturais e persoais, pero áínda así convén coñecer as principais cualidades que se atribúen a cada unha delas. A continuación destacamos os valores más habituais. Para ampliar información sobre este tema é recomendable o libro de **Eva Heller** *La psicología del color. Cómo actúan los colores sobre los sentimientos y la razón*.

# Psicoloxía da cor



Vermella: paixón, vida, acción  
forza, perigo, agresividade




Azul: tranquilidade, repouso,  
serenidade, limpeza, pureza,  
seguridade, confianza.



Amarela: enerxía,  
felicidade, poder,  
vida, acción.





Verde: primavera, frescura, natureza, ecoloxía, xuventude, fertilidade.



Violeta: luxo, elegancia, calidade, sofisticación, feminismo.



Marrón: natureza, tradición, quilibrio, sobriedade.



S  
I  
A

L

P  
F

Rosa: infancia, inocencia,  
docura, feminidade.

Branca: pureza, paz,  
inocencia, limpeza.

Negra: elegancia,  
sobriedade, misterio

Laranxa: xuventude vitalidade,  
sensualidade, acción, entusiasmo,  
confianza, creatividade.

Gris: tranquilidade,  
sobriedade, neutralidade,  
tenacidade.

Elena Samartino (CC BY-NC-SA 4.0)

## Actividade

Ponte a proba

### Pregunta 1

A cor azul aporta seguridade e confianza. Podemos vela en moitos logos bancarios



Verdadeiro



Falso

### Retroalimentación

Verdadeiro

Verdadeiro. ABANCA, por exemplo, ou o BBV empregan esta cor.

## Pregunta 2

Se queremos transmitir enerxía e xuventude podemos emplegar a cor marrón

Verdadeiro  Falso

## Retroalimentación

Falso

Falso. A cor marrón asociase más coa xente de máis idade.

## Pregunta 3

A cor amarelo indica acción e enerxía, porén, se é excesiva pode ser irritante.

Verdadeiro  Falso

## Retroalimentación

Verdadeiro

Verdadeiro. É unha cor que hai que emplegar con moderación.

## Pregunta 4

A cor vermella indica forza, pero tamén perigo

Verdadeiro  Falso

## Retroalimentación

Verdadeiro

Verdadeiro. Tamén se associa a paixón amorosa.

## Pregunta 5

Se empregamos a cor verde aportamos a idea de ecoloxía e frescor

Verdadeiro  Falso

## Retroalimentación

**Verdadeiro**

Verdadeiro. É unha cor asociada á natureza.

## Pregunta 6

A cor branca significa pureza en todas as culturas do mundo.

Verdadeiro  Falso

## Retroalimentación

**Falso**

Falso. Nalgúns culturas indica loito.

## Busca

Busca exemplos de anuncios ou de revistas onde se vexan contrastes de cores o uso que se fai deles segundo as teorías da psicoloxía da cor.

# 6 Forma e función. A dimensión pragmática, simbólica e estética do deseño

## Información

Como xa vimos na Unidade 1, forma e función no deseño son conceptos difficilmente separables. O desenvolvemento dun produto require na actualidade non só atender á súa función senón tamén as súas características formais e simbólicas e culturais.

Dende a Revolución Industrial xurdiron diferentes escolas ou correntes que defenden en maior ou menor medida un dos aspectos anteriores, pero, en xeral, existe unha tendencia a buscar solucións nas que convivan función e forma.

Habitualmente distínguese tres grandes tendencias históricas segundo a importancia outorgada a cada unha delas:

---

**Funcionalismo:** tendencia que lle dá más importancia á función, a súa dimensión pragmática, que ao deseño. Podemos atopala en Vitruvio no século I a.d.c, ou no movemento Arts & Crafts no XIX, e será moi popular no século XX a partir das formulacións do arquitecto estadounidense Louis Sullivan -é moi coñecida a súa expresión "**a forma segue a función**".

Máis tarde o funcionalismo foi adoitando principios racionalistas e experimentando con materiais elixidos non só pola súa practicidade senón tamén por razóns estéticas. A Bauhaus, con arquitectos como Mies van der Rohe ou Le Corbusier, ou o estilo internacional son exemplos desta tendencia.



Rocor. Cadeira . Le Corbusier (CC BY-NC)

---

**Formalismo:** tendencia na que prima o valor da forma e da súa estética. O deseño céntrase no seu valor xeométrico ou formal deixando nun segundo lugar os principios funcionais e simbólicos. A forma xa non segue a función, senón que é o centro do deseño.

Dentro desta tendencia, máis minoritaria no deseño, destaca o grupo Memphis creado en 1980. O deseñador italiano Ettore Sottsass foi un dos seus más celebres fundadores, integrándose con arquitectos e deseñadores xaponeses, estadounidenses e tamén españoles, como Javier Mariscal.

Memphis ía en contra dos postulados do funcionalismo e quería crear un novo tipo de deseño no que o importante eran as cores, as texturas e o ornamental. O grupo só durou oito anos pero crearon deseños que aínda hoxe son obxectos de culto e que influirían no deseño postmoderno.



Sailko. Ettore

Sottsass. Grupo Memphis (CC BY)

**Estilismo ou Styling:** tendencia que dá máis importancia aos valores simbólicos de luxo, nivel social e modernidade que pode representar o produto. Xorde despois da crise do Crack do 20 en EE UU como unha necesidade de estimular a demanda de produtos.

Nesta tendencia emprégase unha estratexia de exaltación do aspecto formal do producto para reforzar o seu valor simbólico. É dicir, crear produtos más atractivos e fermosos exteriormente sen modificar as súas propiedades funcionais ou de calidade.



ChiemseeMan.

Buick Y-Job (CC0)

## 8. Actividades de ampliación e creación

Le e escribe

Le esta interesante entrevista á deseñadora Anna Gasulla sobre as relacións entre deseño e publicidade publicada polo Disseny Hub, un espazo do Concello de Barcelona para promocionar o coñecemento e a promoción do bo deseño. Podemos facer unha posta en común grupal dos seguintes temas abordados na entrevista:

- As relacións entre o deseño e publicidade.
- Cal é o teu concepto de creatividade?
- Cres que o deseño é unha actividade individual?
- Con que dificultades se atopou Anna Gasulla por ser muller. Cres que na actualidade xa non acontecen as situacóns que menciona.

Anna Gasulla es publicista y cofundadora en el 2012 de la agencia creativa Make it GAS. Con una carrera sólida en la espalda, ha apostado por ligar -o "casar", como dice ella- publicidad y diseño en proyectos sencillos, creativos y relevantes.

Cerrando el 2020, el año de la pandemia, el año en que todo se detuvo, nos preguntamos: ¿cómo se encuentra el sector creativo? Con mucha energía y sin pelos en la lengua, Anna Gasulla nos habla de la situación actual y de su trayectoria; nos habla de

creatividad, publicidad, filtros éticos y machismo. También nos explica cómo se construye una agencia que busca caminos poco convencionales para realizar lo que se proponga, y nos da ideas para que hagamos que Barcelona vuelva a brillar.

### **¿Qué es para ti la creatividad?**

Es una condición innata en el ser humano: todo el mundo es creativo, pero la creatividad hay que desarrollarla. En diseño y comunicación, es la herramienta que te permite solucionar un problema de una manera diferente a la que está establecida. Y el diseño es un bien estructural, porque aparte de hacer que una silla cumpla con su función, le añade el valor estético. A mí, el diseño que me representa es el que responde a alguna necesidad. No el "de diseño" del que abusamos hace unos años aquí, en Barcelona.

### **Tú eres diseñadora de formación, pero te moviste hacia la publicidad, y en 2012 cofundas Make it GAS.**

Sí. GAS ha sido un espacio donde he podido mezclar los dos mundos. Viniendo del mundo del diseño, encontraba que faltaba energía, la fuerza de las ideas. No quiere decir que haya falta de conceptos en el diseño, pero sí a veces te encuentras con una priorización de la estética que no encaja tanto con mi manera racional de dar un sentido a las cosas. La publicidad me gusta porque es rápida, intensa, dinámica ... pero le falta el saber hacer del diseño. Entonces, en GAS hemos juntado estos dos mundos, y trabajamos nuestros proyectos para que sean fuertes tanto en idea como en forma, para que sean perennes. Podemos hacer publicidad pura y dura, como las campañas de Roca, pero también proyectos más vinculados al diseño, sobre todo en el ámbito cultural, como el Festival Grec o el Mercat de les Flors.

### **¿El equipo es interdisciplinario?**

Sí. Tenemos gente que viene de grandes agencias de publicidad convencionales, y después tenemos personas que vienen del diseño puro y duro, pero lo que suma es que pensamos conceptos todos. El equipo debe estar compuesto de talento, venga de donde venga. Normalmente, en las agencias se trabaja en duplas, y nosotros intentamos que la manera de trabajar sea más orgánica: que, quien trabaje bien, trabaje conjuntamente, y ya está.

### **A veces la publicidad genera sensaciones duales. Hay campañas, spots e ideas que emocionan, pero también molesta que jueguen con las propias emociones para conseguir que compres.**

Sí, la publicidad está bastante estigmatizada, sobre todo porque es básicamente un instrumento del marketing para persuadir en una venta o en un cambio de comportamiento, pero este no debe ser necesariamente negativo, ya que la publicidad también trabaja por la cultura, la educación y el bienestar de la sociedad. Lo que pasa es que todo es un reflejo de la misma, y es dual y polariza.

También hay una parte de educación y de responsabilidad colectiva social. Con la vorágine de las redes sociales, todo va tan rápido que lo que deberíamos hacer todos es trabajar en una buena educación tanto a nivel individual como colectivo, empresas e instituciones.

### **¿Tenéis algún filtro a la hora de aceptar encargos? ¿Empresas con las que éticamente os sentís cómodos?**

A priori no tienes ningún filtro, pero acabas teniéndolo. Al ser relativamente pequeños - somos una agencia de 15 personas- sí podemos decir "esto sí, esto no", a diferencia de las grandes agencias, que son más esclavas de aceptar cualquier cosa porque han de

facturar una cierta cantidad de dinero y mantener una determinada estructura - por cierto, todas estas agencias están cayendo porque el modelo está obsoleto. También es verdad que, de un modo natural, el trabajo que te llega o el que tú vas a buscar va en sintonía con tu pensamiento.

### **¿Qué hacéis diferente, respecto de las grandes agencias?**

Nos gusta estar presentes en todo el proceso de trabajo, desde que el cliente entra por la puerta en la primera reunión hasta que el proyecto se acaba. Es la manera que no se desvirtúe nada y que el producto acabado tenga la calidad que esperamos. En las grandes agencias, a menudo en la reunión va el gran jefe y luego termina haciendo el trabajo un equipo junior. Además, nosotros buscamos que haya química con los interlocutores, que haya conexión, ya que es un largo proceso de trabajo.

### **¿Cuál es el proyecto que más has disfrutado en la vida?**

Me gustan sobre todo aquellos proyectos que veo por la calle y me hacen sentir orgullosa, o de aquellos que oigo que la gente habla. El verano pasado, saliendo del Grec, escuché gente que comentaba "este año lo han hecho súper bien", y eso me hizo sentir muy contenta. Pero sin duda lo mejor que te puede pasar es que los proyectos trasciendan a ser cultura popular. Como hace años el verbo Ravalear, que la gente se lo hizo suyo. La verdad es que he disfrutado muchos, y siempre te diré que todavía no ha llegado el que más he disfrutado. Lo mejor siempre está por hacer.

### **¿Un proyecto fracasado?**

Aquel del que tú estás muy convencido y tu cliente o equipo de marketing no ve de ninguna manera y acaban matando. O cuando ganas un concurso y luego lo que sale no tiene nada que ver porque te han cambiado mil cosas. Para mí es un fracaso porque es una pérdida de tiempo, energía y talento.

### **¿Qué te ha enseñado la docencia?**

Siempre que daba clases comenzaba diciendo a los alumnos que, en creatividad, el único límite te lo pones tú. Creo que la creatividad en sí no se puede enseñar, sino que puedes dar herramientas. Para mí, es enseñar a tener un espíritu crítico, a ser exigente, inconformista, a tener mucha hambre, a no tener miedo, y estar constantemente aprendiendo.

### **Hay pocas mujeres en el sector creativo.**

Es verdad que esto ha sido así históricamente y también es verdad que está cambiando. Yo lo he vivido: cobrar menos o tener que llamar el doble para que se te escuche. He tenido compañeras muy guerreras, no nos callábamos las cosas, pero claro, los hombres no era necesario que no se las callaran porque ya los escuchaban. Pero nunca me han hecho sentir directamente discriminada. Cabe decir que hace muchos años que tengo mi propia empresa. Creo que lo mejor es que haya un equilibrio, y la verdad es que nosotros cuando contratamos a la gente no nos fijamos en el sexo, sino que buscamos la persona que nos encaja mejor.

Anna Gasulla: «Tenemos que volver a enamorarnos de Barcelona». (Selección) <https://ajuntament.barcelona.cat/dissenyhub/es/noticias/anna-gasulla-tenemos-que-volver-enamorarnos-de-barcelona>

Busca

M.C. Escher foi un artista neerlandés moi coñecido polas súas figuras imposibles e polo uso de patróns simétricos. Na páxina da [M.C. Escher Foundation](#) podes ver mostras dos seus traballos. Selecciona dous que empreguen estruturas modulares e comenta a súa composición.

## Actividades interactivas

### Ponte a proba

Debemos coñecer as leis básicas da teoría da Espazos (1):  para poder entender mellor como funciona a percepción visual. Algunhas delas son:

A Lei Espazos (2):  explica que non podemos percibir de forma simultánea unha figura e o seu fondo.

Lei de peche ou Espazos (3):  : tendemos a completar a información e pechar as formas abertas.

Lei de Espazos (4):  : os elementos ou patróns que seguen unha dirección tenden a agruparse áinda que esta se vexa interrompida.

Lei de Espazos (5):  : tendemos a agrupar os elementos que se parecen entre si. A semellanza pode deberse o uso da cor, da textura, do tamaño, etc. Así, se queremos destacar un elemento podemos romper co conxunto e introducir unha Espazos (6): .

O Espazos (7):  provoca sensación de regularidade, sinxeleza, orde e relaxación e a súa ausencia connota estrés e complexidade.

As formas con máis luz se están sobre fondo escuro parecen más Espazos (8):  ; pola contra, as escuras se están sobre un fondo Espazos (9):  parece que se contraen.

A síntese Espazos (10):  é resultado da mestura das cores da luz . As cores primarias son a Espazos (11):  , a verde a azul. As secundarias son a azul cián, Espazos (12):  e maxenta.

A síntese Espazos (13):  é producto da mestura de pigmentos ou pinturas. As cores primarias son a Espazos (14):  , amarela e azul cian e as secundarias, Espazos (15):  , verde e vermella .

Comprobar

Habilitar JavaScript


# ABAU

## Modelo ABAU

1. Realiza unha análise do cartel do Festival Havana Word Music do ano 2014 centrándote nos aspectos formais de composición.

## **DESEÑO**

### **OPCIÓN A**



Des  
Edel Rodríguez Molano e Gi

Deseño da Campaña  
Festival Havana World

Finalista no apartado de Deseño gráfico e  
visual da 5ª bienal Iberoamericana

Fonte, cartel grupo Ma  
Catalogo 5ª bienal Iberoamericana do

<https://disenolatinoamericano.com/cuba/hav>

- 
- 2. Analiza o emprego da cor neste cartel do premio Laus de deseño gráfico 2009.**

## DESEÑO

### OPCIÓN A



Deseño: Anna Gasulla e Klas Ernflo

Fonte: [ddda-elisava.com](http://ddda-elisava.com)

Na análise deberás comentar as características das cores: matiz, saturación, luminosidade, harmonías ; que uso se lle dá as mesmas, aspectos da psicoloxía da cor, etc.

## 9. Bibliografía/ Webgrafía

Para saber más

Donis A. Dondis. *La sintaxis de la imagen*. Ed. Gustavo Gili, 2020 (2<sup>a</sup> ed.)

Eva Heller. *La psicología del color. Cómo actúan los colores sobre los sentimientos y la razón*. Ed. Gustavo Gili, 2004.

Charlotte e Peter Fiell (ed): *El diseño del siglo XX*. Taschen, 2000.

Charlotte e Peter Fiell (ed): *El diseño del siglo XXI*. Taschen, 2001.

Philip B. Meggs e Alston W. Purvis: *Historia del diseño gráfico*. Editorial RM, 2009.

Wucius Wong. *Fundamentos del diseño*. Ed. Gustavo Gili, 1995.

#### **Páxinas web e blogs de aula**

<https://disegno-2-bachillerato.blogspot.com>

<https://manuelhigueras.wordpress.com>

<https://sites.google.com/site/disenosanisidro>

[www.silocreativo.com](http://www.silocreativo.com)


<https://edu.gcfglobal.org/es/>

## **Descargas**

Unidade 2


**TEORÍA DA PERCEPCIÓN VISUAL E CONFIGURACIÓN FORMAL**

**Harmonía análoga:** consiste na elección de cores que están cerca no círculo cromático. Produce máis contraste ca harmonía monocromática.



Elena Samartino. Harmonía análoga (CC BY-NC-SA 4.0)

**Harmonía complementaria:** é unha elección de cores que están en oposición no círculo cromático, nun ángulo de 180º. As cores asociadas a outras complementarias ofrecen




Elena Samartino. Harmonía complementaria (CC BY-NC-SA)

- [unidade2.pdf \(Nova ventá\)](#)

## Créditos e autoría

**Teoría da percepción visual e configuración formal** foi elaborado por Elena Samartino López durante unha licenza por formación no curso 2021/2022.



**Teoría da percepción visual e configuración formal forma parte do proxecto Deseño. 2º de Bacharelato.**

Licenciado baixo a [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)